

21 NOTICIAS

Diario de opinión independiente

www.21noticias.com

INICIO

OPINIÓN

GALICIA

ESPAÑA

INTERNACIONAL

CULTURA

TECNOLOGÍA

GASTRONOMÍA

RC DEPORTIVO

RC CELTA

CD LUGO

FÚTBOL

DEPORTES

¿TE UNES A NUESTRO EQUIPO?

CONTACTO

BUSCAR

Search ...



CATEGORÍAS

Elegir categoría

REDES SOCIALES



UN BRINDIS CON...


Un Brindis Con... Juan Carl

Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller

24/11/2017

21 Noticias

Deje un comentario



Neste 25 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifesta o seu total rexeitamento a calquera forma de violencia física, psicolóxica ou xexual, exercida contra a muller, ao mesmo

tempo que desexa trasladar toda a súa solidariedade e apoio ás familias e persoas próximas ás vítimas desta terrible lacra que custou a vida a 44 mulleres este ano, ademais de tres casos máis en investigación.

Conmociónanos coñecer que un neno de 3 anos presenciase o asasinato da súa nai a balazos perpetrado polo seu propio pai ás portas do seu colexio, pero máis alá dese primeiro e brutal impacto, o caso dilúese no tempo e queda oculto tras a frialdade dunhas estatísticas, ese reconto anestesiante da peor consecuencia dunha sociedade áinda machista.

Por iso, nesta data en que repudiamos a execrable violencia contra a muller, debemos abrir a nosa mirada para comprobar que a pegada da violencia de xénero é moito más extensa. O máis dramático dos exemplos son os oito nenos e nenas que foron asasinados e asasinadas como consecuencia da violencia machista, como forma de inflixir o maior dano posible ás súas nais. É o noso maior fracaso como sociedade.

Ademais, vinte e tres nenos e nenas quedaron orfos ao ser as súas nais vítimas dun crime mortal a mans da súa parella ou ex parella. Pero día a día, de forma más ou menos invisible, miles de nenos e nenas medran en contornas de violencia, de abuso de malos tratos, en situacións en que a súa propia integridade corre perigo. Como profesionais da psicoloxía somos coñecedores dos riscos e as secuelas que entraña crecer nun fogar no que se exerce a violencia machista. Falamos de ansiedade, depresión, patoloxías físicas e mentais, trastornos alimentarios, tensión postraumática, dificultades no vínculo de apego, e tamén da predisposición para sufrir ou a exercer violencia na adolescencia e na idade adulta.

Non poderemos presentarnos como unha sociedade plenamente desenvolvida mentres mulleres e tamén nenos e nenas, son asasinados polo lastre da desigualdade de xénero. De nada serven minutos de silencio e consternación se non se toman medidas decididas e integrais para atallala.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero é unha boa noticia: é asumir que se trata dun problema de gran magnitud que transcende as cores políticas. Pero non pode quedar nun mero xesto simbólico e, lamentablemente, non contamos con garantías nin prazos para a súa aplicación: ningunha das medidas conta con data de execución nin orzamento asignado. Como profesionais da psicoloxía demandamos un compromiso real, que aborde a violencia de xénero de forma integral, con políticas preventivas e de intervención psicolóxica desde as máis temperás idades, para poder erradicar as desigualdades sobre as que se asenta a violencia machista.

EL TIEMPO




CLÁUSULA SUELTO
EUROPA YA SE HA PRONUNCIADO



RECUPERE LOS INTERESES
ABUSIVOS A COSTE CERO

LLÁMENOS Y LE HACEMOS
TODOS LOS TRÁMITES
GRATIS
Tel 981 33 36 72 - 647 669 533



21 NOTICIAS
Capital de actualidad y cultura

ENVIANOS TU CORREO A:

redaccion@21noticias.com